

6ª Edición

2024 - 2025

PROXECTO REALIZADO

do 15 de novembro de 2024
ao 7 de novembro de 2025



BOOKFACEFRIDAY 2025



Contido

INTRODUCCIÓN.....	4
CATÁLOGO.....	6

INTRODUCCIÓN

6 anos e non paramos!

A estas alturas é moi difícil que non saibades de que vai o proxecto bookfacefriday, pero por se queda algún despistado, contámosvos que é un movemento a nivel mundial, que comezou alá polo 2014 en Twitter e Instagram a iniciativa da Biblioteca Pública de Nova York, e que agora mesmo xa é un habitual das actividades bibliotecarias.

Co cancelo #bookfacefriday, tódolos venres bibliotecas de diversos lugares do mundo coinciden en publicar recomendacións de libros dos seus fondos dun xeito orixinal, que consiste en seleccionar a portada e completala e ambientala con persoas e escenarios reais.

A Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña adheriuse en novembro de 2019, contando cada vez con máis persoas adeptas e seguidoras que están a desexar que chegue o venres para saber con que imos sorprender desta vez.


Este pasado novembro de 2025, completamos xa outro reto de publicar 52 fotografías (1 por semana) que permitan atraer a novas persoas lectoras, e sobre todo incitar a todo o público que as vexa a ver a literatura con outra ollada e interesarse polos argumentos dos libros que recomendamos, que procuramos que sexan do máis variado, pero tamén relacionados con datas sinaladas ou especiais.

Con esta exposición queremos novamente dar visibilidade, máis aló das redes sociais, ás recomendacións literarias de todo o ano. Agardamos poder inspirar novas ideas de lectura, especialmente para a fin de semana, xa que se publican todos os venres.

Como dicimos en cada unha das recomendacións: "E ti, que vas ler esta finde?"

Grazas a todo o equipo que está detrás do proxecto, sen o que este proxecto sería misión imposible (modelos, suxeitalibros, fotógrafos, vestuario, ambientación...):

- Ana Belén
- Carmen
- M^a Carmen
- María L.S.
- Marga
- Miguel
- Susana
- Merchi
- Sindo
- Silvia
- José R.



CATÁLOGO

Semana 1: 15 de novembro de 2024

Un pequeno pobo francés. Ao amencer, óense uns disparos. Unha señora maior empuña unha arma contra o seu veciño, tamén cos policías que chegaron.

Así é como o inspector André Ventura coñece a Berthe Gavignol, de cento dous anos, cinco veces viúva, aínda bastante vivaz e con boa puntería.

La Abuela que encontró una pistola y la disparó / Philippon Benoit

Sinatura: 3A/7123 e na [eBiblioDaCoruna](https://bibliodacoruna.es) 30 me gusta

Semana 2: 22 de novembro de 2024

💔 Clare teno todo menos un corazón. Rompéronllo de adolescente e, desde entón, dedicouse a evadir as relacións e así evitar que volvan xogar con ela. Ten leas dunha noite e o seu lema é: Non repetir.

💔 Lucas é o seu oposto: un romántico empedernido que salta dunha relación formal a outra.

Son amigos, e atraense. Deciden ter sexo. Pero Lucas pídelles tres citas antes de deitarse esa única vez, como pretende Clare. Tres citas nas que el tentará derrubar as murallas ao redor do seu corazón.

Una mujer sin corazón / Angélica L. Cota

Sinatura: 3A/7493 IG: 39 me gusta / 2 comentario

Semana 3: 29 de novembro de 2024

No Londres de 1938 as noticias do conflito bélico iniciado por Alemaña son, para os mozos británicos, un simple eco, un tema de conversación máis. Apenas dous anos despois, con todo, ninguén fala doutra cousa.

Mentres os seus dous mellores amigos se alistan ao exército, Beira aspira a cambiar o seu posto actual no Telegraph polo de correspondente de guerra. Pero cando comprende que non van permitirllo pola súa condición de muller, a moza non dubida en embarcarse como enfermeira para vivir de preto o combate... Aínda que iso

poida significar presenciar a morte do home ao que ama.

Tinta y ceniza / Andrea Tomé

Sinatura: 3A/7190 IG: 38 me gusta 2 comentarios


Semana 4: 6 de decembro de 2024

Clara, 35 anos, divorciada e con dous fillos, ten unha vida tan normal como a de calquera, ata que un día sucede algo que a cambia por completo. Vas rir e a chorar, ás veces ao mesmo tempo.

Los caracoles no saben que son caracoles / Nuria Roca

Sinatura: 3S/5997

IG: 36 me gusta / 3 comentarios

Semana 5: 13 de decembro de 2024

Por primeira vez nun só volume, todas as novelas da serie protagonizada pola xornalista Ana Martí: Don de linguas, O gran frío e Azul mariño.

A obra ofrécenos un vívido retrato da agre realidade da España da década dos cincuenta, un extraordinario fresco duns anos e unha sociedade recreados con tal mestría que permanecerán para sempre no imaxinario do lector.

Trilogía de los años oscuros / Rosa Ribas

Sinatura: 3S/11721 E na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca.coruna.es/)

IG: 22 me gusta

Semana 6: 20 de decembro de 2024

A vida sempre supera ao mellor dos guións.

...unha produtora de series de televisión que está nun portal que está nunha rúa que está nun dos mellores barrios da cidade...

Polas páxinas de Bocabesada aparecen un colaborador televisivo, autor de éxito en crise; mulleres intelixentes presas dos seus erros; puro amor na terceira idade; directivos mediocres; xente que morre; un ministro e unha puta.

Bocabesada / Juan del Val

Sinatura: 3A/6449 E na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca.coruna.es/)

IG: 26 me gusta / 1 comentario

Semana 7: 27 de decembro de 2024

Filla dun carnicero na Hungría comunista de posguerra, Katalin Karikó (Premio Nobel de Medicina 2023) medrou nunha casa de adobe sen auga corrente, onde a súa familia cultivaba as súas propias verduras. Fascinada polas marabillas da natureza, aquela nena propúxose converterse en científica.

Esa determinación finalmente levouna a Estados Unidos, onde chegou en 1985 con 1200 dólares agochados no peluche da súa filla e o soño de transformar a medicina.

Rompiendo barreras : mi vida dedicada a la ciencia / Katalin Karikó

Sinatura: 3Z/2734 IG: 22 me gusta

Semana 8: 3 de xaneiro de 2025

Esta antoloxía recolle os mellores textos en prosa de Pizarnik, unha autora esencial na literatura do século XX.

Unha traizón mística é unha viaxe asombrosa, lúdica e a intres delirante polo universo narrativo de Pizarnik, que nos regala as claves da súa obra: a visión irónica e burlesca da realidade e de si mesma, a reflexión sobre a linguaxe, a morte, así como os

límites entre a cordura e a tolemia.

Una Traición mística / Alejandra Pizarnik

Sinatura: 3A/7221 E na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 30 me gusta / 2 comentarios

Semana 9: 10 de xaneiro de 2025

Un novo director chega ao xornal O Día. É un mal profesional, a redacción non o respecta e el decide impoñer a súa autoridade sementando o medo con castigos exemplarizantes.

Belén, unha das represaliadas, opta por collese unha excedencia despois de que Jaime, un forense que dedica o seu tempo libre a abrir as fosas comúns do franquismo, lle ensine a misteriosa carta dun ancián que pide axuda para morrer en paz e recuperar os restos dunha muller, Matilde,


fusilada en 1936.

Coa súa vida patas para arriba, recuperándose dunha relación tóxica e doutra imposible, a xornalista trasládase a un pequeno pobo de Ávila para tratar de facelo falar.

Nunca nos contamos lo que pasó / Natalia Junquera

Sinatura: 3A/7200

IG: 32 me gusta / 3 comentarios

Semana 10: 17 de xaneiro de 2025


Annabel Green é a moza que o ten todo. Polo menos ese é o papel que interpretaba no anuncio duns grandes almacéns.

Pero neste novo curso, é a moza que non ten nada: nin mellor amiga, porque Sophie non quere saber nada dela; nin paz na casa, xa que os trastornos alimenticios da súa irmá mediana manteñen en albas a toda a familia; nin ninguén con quen sentar a comer

no colexio. Ata que coñece a Owen Armstrong...

Just listen: no pienses ni juzgues, solo escucha / Sarah Dessen

IG: 22 me gusta / 1 comentario

Semana 11: 24 de xaneiro de 2025

O doutor Silas Weir, coñecido a posteriori como o pai da neuroloxía e da «ginopsiquiatría», obsesiónase nesta novela cunha das súas pacientes, Brigit, unha nova serventa albina que se converte no principal suxeito dos seus experimentos e na semente da súa destrución.

Narrada polo fillo maior de Weir, que repudiou o legado brutal do seu pai, Carniceiro asómase ao horror ao que a comunidade científica ten sometido ás mulleres ao longo da historia e transita polas rexións máis escuras da psique, mentres trama ao mesmo tempo unha esperanzadora historia de amor.

Carnicero / Joyce Carol Oates

Sinatura: 3A/7189 E na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 29 me gusta / 2 comentarios

Semana 12: 31 de enero de 2025

Máis escuro que o negro non só captura a atmosfera dunha época definida pola súa intensidade e a súa moral perdida, senón que tamén ofrece un espello ás sombras máis profundas da alma humana.

Con cada páxina mergulla ao lector nunha viaxe a través da desolación, o medo e a esperanza dun pobo loitando pola súa identidade e supervivencia nos últimos días dun imperio en descomposición.

Más oscuro que el negro / José Vicente Rubio Eire

Sinatura: GAL/17707 IG: 31 me gusta / 2 comentarios

Semana 13: 7 de febreiro de 2025

O termo «camaleón» refírese a unha persoa que ten a capacidade de cambiar de actitude e comportamento, adoptando sempre o que máis lle convén. Poucos adxectivos casan mellor coa personalidade de Donald Trump. Cales son as súas motivacións? Quen son as figuras clave que lle permitiron chegar á cima? Cal é a realidade dese falso mito de xenio dos negocios que construíu sobre si mesmo?

El Camaleón : la invención de Donald Trump / Maggie Haberman**Sinatura:** 3Z/2729

IG: 20 me gusta / 2 comentarios

Semana 14: 14 de febreiro de 2025

Esta é unha obra infestada de informacións inéditas e reflexións persoais. Pero sobre todo, incide moito no ideario de alguén que nestes momentos de zozobra alza a voz na defensa dunha revolución ética que poña fin á corrupción, á violencia de xénero ou aos malos tratos animais, entre outras causas que defende apaixonadamente.

E todo isto cóntao aquí de forma espontánea pero firme, sen sentir pena nin medo polas decisións que tomou ao longo da súa vida.

Ni pena ni miedo : un juez, una vida y la lucha por ser quienes somos / Fernando Grande-Marlaska**Sinatura:** 3Z/2195

IG: 27 me gusta / 1 comentario

Semana 15: 21 de febreiro de 2025

«Fun empresario, crucei o deserto, tiven dous fillos, corrín no Rally Dakar, arruineime, durmín enterrado en esterco, arrisquei a vida para salvar a doutros, escoitei o asubío das balas voando por encima da miña cabeza, adestrei a xente de toda índole, capturei animais mortíferos, perdín a miña casa por culpa da crise económica, comín insectos que farían vomitar a calquera e bailei coa Morte en máis dunha ocasión.»

Superviviente : el miedo bajo control / Carlos Vico**Sinatura:** 3Z/2206

IG: 28 me gusta

Semana 16: 28 de febrero de 2025

Sen dúbida un dos persoaxes máis controvertidos do momento.

O libro percorre a vida de Elon Musk desde a súa infancia ata o tempo que pasou en Zip2 e PayPal, e logo en SpaceX, Tesla e SolarCity.

Ashlee Vance logrou conseguir entrevistas periódicas con Musk, os seus achegados e quen estivo con el nos momentos máis importantes da súa vida.

Apuntar que Musk non tiña control sobre o contido da biografía.

Elon Musk : el empresario que anticipa el futuro / Ashlee Vance**Sinatura:** 3Z/2182

IG: 13 me gusta

Semana 17: 7 de marzo de 2025


Un exhaustivo repaso pola vida de Audrey Hepburn, un dos rostros máis fascinantes da historia do cinema, así como unha profunda análise e anecdotario de cada unha das súas películas (inclúe abundante información sobre as rodaxes).

Inclúe bibliografía e un capítulo dedicado á música das súas películas.

Audrey Hepburn : cara de ángel / Juan Tejero

Sinatura: 3M/12479

IG: 43 me gusta / 2 comentarios

Semana 18: 14 de marzo de 2025

✍️ Cunha prosa contida e de profunda sensualidade, Cristina Sánchez-Andrade novela a historia dunha das grandes mulleres do século XX: Coco Chanel.

👗 Á vez que mostra algúns dos aspectos máis glamourosos do seu itinerario vital, a súa amizade con Picasso, Cocteau ou Misia Sert, os seus amoríos co duque de Westminster ou os seus escarceos con Hollywood, a autora interpreta o carácter da muller que había tras esa imaxe.

Coco / Cristina Sánchez-Andrade

Sinatura: GAL/13132

E na [EbiblioDaCoruna](https://bibliodacoruna.es/)

IG: 42 me gusta / 6 comentarios

Semana 19: 21 de marzo de 2025

Conversar é a arte de dar voltas en compañía a través da palabra. Esta vez a compañía elixida por Niño de Elche é unha obra escultórica realizada en madeira polo poeta, sacerdote e escultor nicaraguano Ernesto Cardenal que representa a un monxe trapense.

Por iso é polo que a conversa transita por un diálogo entre silencios e confesións así como unha especie de diario íntimo onde as temáticas que se tratan nel gardan relación coa mística, a relación con Deus, o son, a paz do fogar e a súa cotiandade así como as diferentes experiencias persoais que Niño de Elche foi observando ao longo da súa vida e traxectoria artística.

Conversaciones con un monje de madera / Niño de Elche

Sinatura: 3A/7436 E na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca-provincial-da-coruna.es/)

IG: 20 me gusta / 1 comentario

Semana 20: 28 de marzo de 2025

Felipe de Castro, o rei vampiro de Luisiana, de Arkansas e de Nevada, está na cidade e é un momento pésimo para que o corpo dunha muller aparecese diante do patio de Eric, sobre todo tendo en conta que é a mesma muller da que acababa de alimentarse.

Sookie e Bill, tentarán por todos os medios resolver o asasinato, unha fatal morte que Sookie pensa que, polo menos neste caso, non tivo nada que ver con ela. Pero está moi equivocada...

En punto muerto (True blood 12) / Charlaine Harris

Sinatura: 3A/6606

IG: 25 me gusta / 1 comentario

Semana 21: 4 de abril de 2025


A psicóloga Mariana Capurro, especializada en disciplina positiva e educación emocional, ofréceche ferramentas baseadas en evidencias científicas para gozar dunha crianza consciente e respectuosa de maneira realista e sen esixencias desmedidas.

Nestas páxinas aprenderás a axudar aos máis pequenos da casa para xestionar as súas emocións, a mellorar a túa conexión con eles e a falar de temas «difíciles», así como a afrontar retos como a alimentación, as perrenchas ou as pantallas e as redes sociais. Todo isto escoitándoches tamén a ti e atendendo ás túas necesidades, frustracións e esixencias (e, por que non, tamén á famosa culpa!).

Permiso para educar: herramientas de crianza consciente para una familia feliz / Mariana Capurro

Sinatura: 3M/10570

IG: 20 me gusta / 1 comentario

Semana 22: 11 de abril de 2025

En maio de 2006, dentro do proxecto "Memorias da Shoah", Simone Weil decide contar a súa vida fronte a unha cámara: o sol de Niza, a existencia despreocupada no seo dunha familia unida, republicana e laica, a guerra, a Ocupación... e, o 13 de abril de 1944, o convoi 71 que a levará xunto á súa nai e a súa irmá a Auschwitz-Birkenau.

Sólo la esperanza calma el dolor/ Simone Weil

Sinatura: 3M/10067 e na [eBiblioDaCoruna](#)

IG: 21 me gusta / 4 comentarios

Semana 23: 18 de abril de 2025


Elena está ao cargo da súa avoa Manuela, que sofre de alzheimer. Como acto de amor cara a ela, decide aprender a tocar o piano e reproducir unha melodía que lle lembra á relación que tiñan antes de que enfermase.

Ao pouco de iniciar as clases, atopa dentro do piano da casa familiar unhas cartas sen abrir de fai máis de cincuenta anos. Este descubrimento levaraa a tratar de pescudar quen as escriba e por que estiveron ocultas tanto tempo.

Los secretos del olvido / Joaquín Hernández

Sinatura: 3A/6717 e na [eBiblioDaCoruna](https://bibliodacoruna.es)

IG: 22 me gusta

Semana 24: 25 de abril de 2025

A manipulación xenética dos alimentos, a obesidade infantil, a contaminación química do chan, arie e auga, o gasto enerxético xerado polo transporte a longa distancia de alimentos, as granxas de cría con prácticas crueis, e moito máis, son razóns suficientes para cominar ao lector para sumarse a unha 'revolución civil' contra estes perniciosos hábitos alimenticios.

Otra manera de vivir / Jane Goodall

Sinatura: 3M/24417

IG: 20 me gusta / 1 comentario

Semana 25: 2 de maio de 2025

Un encontro casual nunha gasolinera perdida, un asalto rutineiro con consecuencias inesperadas, a mestura de anseios e de voces na saída dun hotel para acirrar aos xogadores dun famosísimo equipo de fútbol, os pensamentos dunha francotiradora nas súas longas esperas...

Unha muller calquera volve a casa é un compendio de como o sublime, o inxusto, o irónico ou o aciago pode agardarnos, a calquera de nós, ao virar a esquina das nosas vidas de rutina.

Una mujer cualquiera vuelve a casa / Jo Alexander

Sinatura: 3A/7329 e na [eBiblioDaCoruna](#)

IG: 23 me gusta / 3 comentarios

Semana 26: 9 de maio de 2025

Tessa Ensler é unha avogada de éxito especializada na defensa de agresores sexuais. A súa tenacidade está ao servizo do sistema xudicial, no que cre totalmente: é a existencia da dúbida razoable o que hai que probar, mesmo máis aló do que a primeira vista aparece perante un xuíz. Ata que a Tessa lle sucede o que a tantas mulleres e se atopa no lado oposto, descubriendo que as regras que sempre defendeu non están escritas para elas.

Prima facie / Suzie Miller

Sinatura: 3A/7391

IG: 42 me gusta / 2 comentarios

Semana 27: 16 de maio de 2025

Belas criaturas no tronso da morte. Humor e terror abrazados nun melancólico tango. Esta colección de relatos de Emma Pedreira e Carlos Lago detense no derradeiro alento para converter o inesperado, o incómodo e o arrepiante en literatura, en beleza.

A parte dos anxos / Emma Pedreira**Sinatura:** GAL C 45

IG: 31 me gusta / 1 comentario

Semana 28: 23 de maio de 2025

O Cairo, 2013. Desde que o xeneral tomou as rendas de Exipto, a capital está baixo toque de queda. Ás sete da tarde, as rúas do centro baléiranse, os soldados despréganse nos arredores da praza Tahrir e os veciños encérranse nas súas casas. O que foi o barrio das revoltas durante a Primavera Árabe enmudece de golpe. É nese momento cando Alí sae a facer

pintadas contra o xeneral, sorteando as patrullas. Unha noite, uns axentes de paisano sorpréndeno na allada e comezan a perseguilo. De súpeto, cando está a piques de ser arrestado, oe a voz dun ancián que sae dun canellón ofrecéndolle refuxio.

Los chicos tuertos / Rocío Lardinois de la Torre**Sinatura:** 3A/6814

IG: 23 me gusta / 1 comentario

Semana 29: 30 de maio de 2025

A etnomusicóloga Xulia Feixoo aborda as prácticas de transmisión oral protagonizadas polo pandeiro na Terra das Frieiras. O fío condutor é a historia de vida da propia Concha construída a partir dun conxunto de entrevistas e gravacións musicais, inéditas ata ese momento, que lle foron realizadas nun período de sesenta anos (1952-2012).

Concha do Canizo: este pandeiro que toco... / Xulia Feixoo**Sinatura:** GAL I 405

IG: 29 me gusta / 4 comentarios

Semana 30: 6 de xuño de 2025

O pasado nunca morre, só cambia de rostro. Un thriller psicolóxico onde os segredos familiares e o medo ditán o destino dos seus personaxes.

Trinidad Fuentes, criminóloga, investigadora privada e grafóloga, verte nesta novela policíaca a súa experiencia profesional, manexando con mestría a estrutura dunha intriga que nos enfronta a un dilema fundamental: pode o mal ser conxénito?

El disfraz del miedo / Trinidad Fuentes**Sinatura:** 3A/7492

IG: 20 me gusta / 1 comentario

Semana 31: 13 de xuño de 2025

Saben o que desexas, o que buscas. Coñecen a túa conta bancaria, o que pagas, o que debes, as túas conversacións. Séguenche, examínanche. Pero... coñecen o significado, o que representa para ti ese álamo, unha tarefa en común, a persoa que non che chama?

Catro personaxes interpretan un baile singular entre a tenacidade e o desencanto, entre a liberdade e o engano, entre baixar a cabeza e a insubmisión. Esta novela constrúe unha distancia para esclarecer o presente, porque nel chocan o pasado co futuro, e dese choque nace a escintilación de estar aquí.

Te siguen / Belén Gopegui Durán

Sinatura: 3A/7491 e na eBiblioDaCoruna

IG: 25 me gusta / 2 comentarios

Semana 32: 20 de xuño de 2025

Un mozo de tan só dezaseis anos entra na habitación de hospital onde o seu pai está en coma, rodeado de máquinas que o manteñen con vida. O mozo sabe que ten que despedirse e que é a última oportunidade para confesarlle a este home, agora moribundo, todo aquilo que nunca lle revelou: a súa verdadeira identidade, a vergoña e o medo que sempre sentiu fronte a el.

Yo era un chico / Fer Rivas

Sinatura: 3A/7617

IG: 22 me gusta / 1 comentario

Semana 33: 27 de xuño de 2025

Pedro Zero lo desafiou as normas do seu tempo, como político e como pioneiro na loita polos dereitos LGTBIQ+, a igualdade e a xustiza social.

A través dun percorrido pola súa vida, o seu activismo na defensa dos dereitos civís e o seu compromiso político, este libro descóbrenos a un home extraordinario que, con coraxe e paixón, transformou a realidade de miles de persoas.

Pedro Zero lo : vida y legado de un pionero por los derechos civiles / Miquel A. Fernández García

Sinatura: 3Z/2753

IG: 25 me gusta / 1 comentario

Semana 34: 4 de xullo de 2025

Países Baixos. Unha nai anciá vive nun apartamento da cidade coa súa filla. Ela é a viúva dun propietario dunha fundición de éxito. Durante varias décadas, a nai e a filla realizan a mesma viaxe todos os veráns, viaxando desde a cidade ata a súa casa xunto ao mar en Katwijk.

Na meta / Thomas Bernhard

Sinatura: GAL/15234 e GAL T 27

IG: 21 me gusta / 1 comentario

Semana 35: 11 de xullo de 2025

Decembro, 1938. Aos dezasete anos, Leoa traballa como serventa na mansión dunha adinerada familia barcelonesa. Cando as tropas franquistas entran na cidade, decide escapar a Francia para sobrevivir. Con todo, alén da fronteira atópase cunha guerra aínda peor...

París no era un sueño / Diego Bris**Sinatura:** 3A/7581

IG: 22 me gusta / 1 comentario


Semana 36: 18 de xullo de 2025

Este libro conxuga a poesía de Xela cos máis de corenta retratos que @xuliogilfoto lle fixo en diferentes épocas. As fotografías retratan a poeta posando con determinación e sen artificios ante o obxectivo de Xulio Gil cando tiña entre 26 e 40 anos.

Tamén forman parte da obra, estudos de Xosé Enrique Acuña e Marga do Val.

Poesías e retratos / Xela Arias**Sinatura:** GAL P 30


IG: 26 me gusta / 2 comentarios

Semana 37: 25 de xullo de 2025

A vida e a obra de Castelao, indisolublemente ligadas, fixeron del un mito popular que comezou a forxarse en vida, especialmente durante os durísimos anos do seu exilio, nas comunidades galegas da diáspora americana.

Alfonso R. Castelao, a forxa dun mito / Henrique Monteagudo

Sinatura: GAL I 155 e na eBiblioDaCoruna IG: 22 me gusta

Semana 38: 1 de agosto de 2025

E Vera salta ao baleiro cando unha noite, saíndo do taboado Villa Rosa na praza de Santa Ana, a súa mirada verde choca estrepitosamente cos ollos ámbar do Pantera: racial, atractivo, a nova promesa do flamenco.

A partir de entón Vera e o Pantera aceptan a incerteza no seu carné de baile, no seu amor prohibido de paya e xitano, na farándula, na festa e os excesos...

La buena sombra / María de la Luz del Prado

Sinatura: 3A/7233 IG: 23 me gusta / 2 comentarios

Semana 39: 8 de agosto de 2025

María Solar achéganos a unha das aventuras máis importantes da historia da humanidade, protagonizada por uns nenos que non tiñan idea de facerse heroes. Aínda que o foron. Nos seus pequenos corpos, brazo a brazo, levaron a vacina da variola a América.

Sacados dos hospicios da Coruña, Santiago e Madrid, cruzarán o Atlántico formando parte da Expedición do doutor Balmis e na que unha muller fascinante, Isabel

Zendal, xogará un apapel determinante.

Os nenos da variola / María Solar

Sinatura: N SOL nen / m e na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca-provincial-da-coruna.es/)

IG: 25 me gusta / 1 comentario

Semana 40: 15 de agosto de 2025

A vida do doutor coruñés Diego González Rivas é unha mestura de aventura, valentía e empatía, e demostra que, para sandar o mundo, debemos comprendelo e narralo. Curando o mundo é unha viaxe máis aló dos quirófanos. En cada destino, mergúllase na vida local e enfróntase a situacións que lle sacan da súa zona de confort. Atopámonos conversacións con bruxos no Congo, ceas con príncipes sauditas ou como operar nun hospital de Gaza sen luz.

Curando el mundo / Diego González Rivas

Sinatura: 3M/11293 e na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca-provincial-da-coruna.es/)

IG: 35 me gusta / 1 comentario

Semana 41: 22 de agosto de 2025

Entre finais do século XIX e comezos do XX a cidade da Coruña foi faro do pensamento libertario en Galicia. Os ateneos e as bibliotecas de barrio eran a porta de acceso á cultura das clases populares, a solidariedade obreira floreceu.

Nas fábricas de tabacos e de mistos as traballadoras organizáronse para mellorar as súas condicións de vida. A lectura dentro das fábricas é o símbolo poderoso deste movemento de esperanza que se viu truncado a partir de 1936.

A nena lectora : una versión no oficial / Manuel Rivas

Sinatura: N RIV nen / v

e na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 35 me gusta / 2 comentarios

Semana 42: 29 de agosto de 2025

Nesta obra póstuma e inédita, Nélida Piñón, cose o seu testamento literario e convérteo nunha celebración da vida onde relata a súa paixón pola creación, profunda no sentido de pertenza a un territorio e canta o seu amor á música e á arte entrefiando episodios e recordos sobre os seus amigos máis íntimos: Gabriel García Márquez, Mario Vargas Llosa, Susan Sontag ou Clarice Lispector.

Los rostros que tengo / Nélida Piñón

Sinatura: 3Z/2741

E na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 31 me gusta

Semana 43: 5 de setembro de 2025

Aparecida do nada, unha estraña vella enche as horas incómodas dunha muller atrapada entre o desexo de morte e o de vida. Son tempos de disparos, de represión, de olladas baixas e bocas pechadas. Tempos de vivir calando.

O silencio dos días repetitivos vese interrompido por unha descoñecida, dona de segredos e idades innúmeras, e que, capa tras capa, coma unha árbore milenaria, irá desvestindo ata deixar núa a única das verdades deste mundo: a vida escribímola nós pero, cantas veces pasamos por ela?

Cicatrices do aire/ Emma Pedreira**Sinatura:** GAL N 128

IG: 26 me gusta / 1 comentario

Semana 44: 12 de setembro de 2025

As extraordinarias historias de Samanta Schweblin obsesionan e hipnotizan, cuestionan a realidade con elementos do perturbador e do fantástico, como as sombras que nos axexan nunha noite de insomnio.

Nos contos de "Paxaros na boca" o lector deberá mirar de fronte eses mundos nos que o renxido das ás dun paxaro, unha muller abandonada no roteiro ou o inferno fantasmal dun asasinato, son a confirmación de que a realidade é pesadelo e fermosura.

Pájaros en la boca / Samanta Schweblin**Sinatura:** 3A/7604E na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 35 me gusta / 1 comentario

Semana 45: 19 de setembro de 2025

O 15 de marzo de 1600, o mesmo día en que fai quince anos, Denébola recibe a noticia de que o seu pai decidiu enviala como noviza a un convento de clausura. Pero a moza, que comparte nome cunha das estrelas máis brillantes da constelación de Leo, loitará por un futuro máis luminoso ca este que o seu pai, o poderoso señor de Mourentán, elixiu para ela.

Marcada pola superstición asociada á súa cabeleira roxa, buscará o modo de rexerse polos seus propios principios e tomar as rendas do seu destino. Na súa

viaxe á procura da liberdade acabará chegando a América, un Novo Mundo no que todo está por facer e onde é posible converter en realidade o soño de trazar o seu camiño na vida.

Denébola a Roxa / Héctor Cajaraville

Sinatura: N 869.9 CAJ den / a

E na EbiblioDaCoruna

IG: 25 me gusta

Semana 46: 26 de setembro de 2025

Reunidas por primeira vez nun só volume, Historia do pranto, Historia do pelo e Historia do diñeiro narran como se forma unha sensibilidade á calor dun puñado de pasaxes decisivas: do colexio privado á solidariedade socialista; da novela familiar á intemperie do mundo social; da ilusión amorosa ao desencanto; do culto da imaxe ao duelo; da ostentación e a opulencia a unha bancarrota que é moito máis que financeira.

Tres novelas de época / Alan Pauls

Sinatura: 3A/6709

IG: 35 me gusta / 1 comentario

Semana 47: 3 de outubro de 2025

Nesa tolemia chamada a Gran Guerra non hai nada grande, excepto a dor, e Johanna sábeo ben.

De regreso da fronte occidental, onde serviu como enfermeira, leva no seu ventre a unha nena, Elli, filla dun soldado arrebatado demasiado pronto da vida. Enganada pola súa propia familia, que lle quita á pequena xusto despois do parto, non tardará en descubrir que no sanatorio de luxo do seu pai, as mentiras están á orde do día.

Davos, 1917 / Luca Brosch**Sinatura:** 3A/7646

IG: 18 me gusta

Semana 48: 10 de outubro de 2025


Pode unha muller escapar dun destino marcado pola adversidade? Pode ese destino herdarse por liña materna? Esta novela é unha historia centrada nas vidas de varias mulleres e en como se fan coas rendas da súa existencia arrepoñéndose a todo ao que o mundo as condenou.

Mulleres que levantan a cabeza, que saen adiante polos seus propios medios, mulleres que se enfrontan aos seus medos e que conquistan un futuro mellor

sacando as unllas, erguendo a voz.

Mulleres / María del Carmen Rey Núñez**Sinatura:** GAL N 109

IG: 20 me gusta / 2 comentarios

Semana 49: 17 de outubro de 2025

A partir de dezanove fotografías de Nova York, a autora narra a vida de Lola, unha moza a quen a súa nai deixou aos oito anos para perseguir unha carreira como actriz na Gran Mazá. Marcada por este abandono primixenio, Lola viviu unha vida de complexos e carencia emocional.

Todo cambia cando recibe a chamada dun descoñecido que lle advirte de que a súa nai desapareceu, e embárcase na difícil labor de achar a unha muller que apenas coñece. A viaxe de Lola será cara ao máis profundo da esencia humana e de si mesma. Unha travesía onde non todo é o que parece.

Mi vida robada / Carla Guelfenbein**Sinatura:** 3A/7605

IG: 22 me gusta

Semana 50: 24 de outubro de 2025

As rulas de Bakunin nace do gromo da sensibilidade dos derrotados e os perdedores. Antón Riveiro Coello, un dos escritores galegos actuais de meirande pulo narrativo, fai con esta novela un acto restitutorio e tamén de rebeldía. Recuperar a memoria dos heroes silenciosos que loitaron pola liberdade: velaquí a vida de Camilio Sabio Doldán, un vello anarquista case centenario que viviu a guerra, o cárcere e o exilio. O temor intenso das paisaxes do pasado nunha novela que conmove e impresiona.

As rulas de Bakunin/ Antón Riveiro CoelloE na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca.coruna.es/)**Sinatura:** GAL N 107

IG: 25 me gusta

Semana 51: 31 de outubro de 2025

Nos primeiros anos da Transición, un grupo de mulleres e homes armados con botes de Nescafé e bombas de bicicleta puxeron ao alcance de todas as españolas o método máis seguro para interromper o embarazo coñecido entón. Ata 1985, ano da despenalización do aborto, as súas redes clandestinas realizaron máis de 15 000 intervencións. A pesar de que se xogaban o cárcere, estes idealistas loitaron por garantir os dereitos reprodutivos e mellorar a vida das mulleres.

Neste libro, Paula Boira Nacher recolle a fermosa historia de solidariedade que crearon estas redes coa voz dos seus protagonistas, á vez que rescata as memorias non narradas das mulleres que abortaron durante o franquismo.

Un aborto, 8000 pesetas / Paula Boira Nacher

Sinatura: 3M/11254 E na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 17 me gusta

Semana 52: 7 de novembro de 2025

Créndose culpable de asasinato, Olivia Keene foxe da súa casa, topándose no camiño cunha mansión na que neses momentos ten lugar unha festa magnífica. Con todo, lord Bradley acaba de decatarse dun terrible secreto, algo que, de saberse, cambiaría a súa vida para sempre.

O gardabosque apresa a Olivia axexando nos arredores e teme que sexa unha espía ou unha ladroa a oídos da cal chegasen as devastadoras noticias. Cando a reteñen sofre un intento de estrangulamiento que a deixa sen voz, pero aínda así, Bradley teme que sexa capaz de divulgar o seu

secreto e, para evitalo, ofrécelle un posto na súa casa, na gardería, afastada do mundo e da vida social.

La institutriz silenciosa / Julie Klassen

Sinatura: 3A/7105

IG: 19 me gusta / 2 comentarios